

-Levar a cabo, por si, en colaboración ou a través doutros, as accións mencionadas e cantas outras tendan a dar debido cumprimento e desenvolvemento aos fins fundacionais.

4. O padroado da fundación estará integrado por Francisco Javier González Pérez como presidente, Arsenio Iglesias Pardo como vicepresidente, e como vogais *Inversiones Subel, S.L., Caixa de Aforros de Galicia e Fundación Ronsel.*

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese deportivo da *Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese deportivo e a súa adscrición á Consellería de Cultura e Deporte.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día dezanove de febreiro de dous mil sete.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese deportivo a *Fundación Educación, Deporte y Salud* adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 28 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan axudas a entidades sen ánimo de lucro para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, para o ano 2007.

A Secretaría Xeral de Comunicación ten entre as súas competencias a de promoción de todos os aspectos que poidan derivar da aplicación das novas tecnoloxías no eido da comunicación.

As actividades que desenvolven as entidades sen ánimo de lucro constitúen unha área propicia para aproveitar as vantaxes e potencialidades das novas tecnoloxías da comunicación e información, polo que se require facilitárllelas a aquelas entidades que, polas funcións que realizan e a finalidade que perseguen, necesitan facer uso de ferramentas tecnolóxicas para unha maior eficacia das súas actividades.

Por iso, preténdese continuar coa liña de subvencións que persegue como obxectivo a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia por parte daquelas entidades sen ánimo de lucro, que se traduza en axudas para a adquisición do equipamento audiovisual e multimedia necesario para o desenvolvemento das súas actividades no eido da comunicación.

Tamén se continúa coa liña de axudas para entidades sen ánimo de lucro dirixida a potenciar a creación de medios de información electrónica para que esas entidades creen a súa propia páxina web en galego desde a que se faga divulgación e difusión das actividades que realizan.

Por todo isto, en virtude da desconcentración de competencias operada pola disposición adicional 2ª, c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo,

DISPOÑO:

Bases para a concesión das subvencións.

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse dúas liñas de subvención, mediante réxime de concorrencia competitiva, para entidades sen ánimo de lucro para a adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outros de natureza análoga necesarios para o desenvolvemento das súas actividades (modalidade A) e para crear unha páxina web en galego na internet (modalidade B), para a anualidade 2007.

Polo tanto, para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 287.564 euros que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 04.31.461A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, atribuíndose inicialmente o importe de 227.564 euros para a modalidade A e 60.000 euros para a modalidade B, sen prexuízo da distribución definitiva que

resulte das resolucións de adxudicación. O crédito non adxudicado nunha modalidade pode aplicarse na outra, ata acadar o límite total sinalado.

Artigo 2º.-Equipamento subvencionable e/ou creación dunha páxina web en galego na internet.

1. Só para os efectos desta convocatoria, poderán ser obxecto de axudas na modalidade A:

a) A adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outro de natureza análoga.

b) As adquisicións de PC, considerados como terminais interactivos e equipamentos de comunicación que permitan a conexión aos servizos da internet.

2. Só para os efectos desta convocatoria, poderán ser obxecto de axuda na modalidade B:

A creación de páxina web en galego na internet, referida á entidade solicitante e ás actividades que desenvolve, cando os contidos da web son da responsabilidade da entidade solicitante da axuda.

A páxina web deberá estar nun dominio propio cun primeiro nivel que sexa «.es» ou «.org».

3. O equipamento e/ou páxina web subvencionables terán como finalidade servir de ferramenta para que a entidade desenvolva axeitadamente as súas actividades no eido da comunicación, na modalidade A, ou que lle sirva para facer divulgación e difusión das actividades que realiza a entidade, na modalidade B.

4. Quedan excluídos destas axudas a instalación do equipamento e os gastos derivados do acceso e servizo da internet.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas que persigan finalidades de interese xeral non empresarial, dispoñan dun establecemento aberto para a realización das devanditas actividades e teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, en concellos cunha poboación de dereito igual ou inferior a 30.000 habitantes.

Os ditos requisitos non se lles exigen a aquelas entidades sen ánimo de lucro que xestionen a actividade de cineclub.

Artigo 4º.-Motivos de exclusión.

Quedan excluídos os solicitantes que anteriormente recibisen algunha outra subvención das que xestiona a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e non xustificasen o seu investimento.

Artigo 5º.-Contías.

1. Para a modalidade A:

a) A contía máxima da axuda será de ata un 65%, en termos xerais, do importe total da factura pro

forma presentada, expedida pola entidade subministradora, incluíndo unicamente o valor do material subvencionable adquirido e excluíndo outro tipo de gastos (IVE, transporte, etc.).

b) A axuda máxima por PC será de 500 euros.

c) Será de 130 euros a axuda máxima por receptor de sinal de televisión dixital terrestre que incorpore servizos interactivos (MHP) e de 30 euros para os receptores de TDT sen MHP.

d) En todo caso, nesta convocatoria o tope máximo da axuda concedida será de 1.500 euros por entidade solicitante.

2. Para a modalidade B:

a) A axuda máxima para crear a páxina web en galego será de 400 euros.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude farase mediante instancia dirixida ao secretario xeral de Comunicación, segundo o modelo que figura como anexo I desta convocatoria, e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou nos rexistros das delegacións provinciais, sen prexuízo dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.1. Coa solicitude xuntarase obrigatoriamente a seguinte documentación da entidade:

a) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

b) Acta e estatutos de constitución, con acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

c) Poder suficiente do representante da entidade solicitante.

d) Declaración de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

e) Declaración do número de membros da entidade.

f) Declaración responsable de que a entidade non incorre en prohibicións para obter subvencións a que se refire o artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.2. Para o caso de solicitar axuda por equipamento audiovisual e multimedia, modalidade A, xuntarase ademais:

a) Memoria detallada do equipamento así como o orzamento desagregado deste para o que se solicita a subvención.

b) Plan de actividades que se vai desenvolver co equipamento para o que se solicita a axuda.

c) Orzamento do exercicio corrente e balance de situación da entidade, sen incluír as partidas das actuacións subvencionables tramitadas.

2.3. Para o caso de solicitar axuda para a creación de páxina web en galego, modalidade B, xuntarase ademais:

a) Acordo social da entidade de creación da páxina web en galego.

b) Declaración responsable da titularidade da páxina web da entidade solicitante e tamén dos contidos da páxina web.

c) Sinalar a URL da páxina web, que deberá estar nun dominio propio cun primeiro nivel que sexa «.es» ou «.org».

d) Plan de actividades que posúe a entidade.

Artigo 7º.-Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, segundo os modelos que figuran nos anexos, no prazo de trinta e un días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8º.-Tramitación.

Os servizos competentes da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual tramitarán as solicitudes e instrumentarán os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

Artigo 9º.-Proposta e resolución.

1. A proposta de concesión seralle formulada ao secretario xeral de Comunicación por un órgano colexiado, a través do director xeral de Comunicación Audiovisual, que é o órgano instrutor.

2. O referido órgano colexiado terá a seguinte composición:

-O subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual, que fará de presidente.

-O xefe do Servizo de Estudos e Análises de Telecomunicación e Audiovisual.

-O xefe do Servizo de Televisión e Radiodifusión.

-Secretario: un funcionario desa dirección xeral.

3. Á vista da proposta formulada a través do órgano instrutor, o secretario xeral de Comunicación resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

O órgano colexiado do artigo 9º valorará as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:

-Dimensión e ámbito de actuación da entidade solicitante.

-Que a entidade sen ánimo de lucro teña como finalidade o fomento dos valores e da identidade cultural e social de Galicia.

-Plan de actividades de carácter social, cultural, formativo e outras de interese xeral.

-Situación nas zonas xeográficas de desenvolvemento tecnolóxico desfavorecido.

Artigo 11º.-Prazo máximo de resolución e recursos contra a resolución.

1. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta convocatoria será de catro meses, contados desde o día seguinte ao de remate do prazo de presentación de solicitudes nesta convocatoria.

2. A resolución ditada polo secretario xeral de Comunicación esgota a vía administrativa e contra a dita resolución poderase interpoñer potestivamente recurso de reposición ante o secretario xeral de Comunicación no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados de igual modo.

3. De non notificarse resolución no prazo indicado no punto 1, entenderase desestimada a petición correspondente, podéndose interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o secretario xeral de Comunicación no prazo de tres meses, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses. Os prazos sinalados para estes casos comezarán a contarse desde que transcorra o prazo de catro meses sinalado no punto 1 anterior.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 12º.-Notificación da resolución de concesión e publicidade.

1. Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación, comprometéndose a executar o proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidas, empregando para ese trámite o modelo que figura como anexo III. De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais, entenderase que o bene-

ficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

2. A publicidade das subvencións outorgadas efectuarase a través do taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral de Comunicación-Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e no taboleiro de anuncios das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Comunicación publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 13º.-Pagamentos e xustificación.

Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar, en todo caso antes do 1 de outubro do ano 2007, o pagamento da totalidade do investimento realizado, xuntando a seguinte documentación (un orixinal e unha copia):

1. Para xustificar a adquisición de equipamento (modalidade A).

a) Factura do equipamento adquirido e xustificación do seu pagamento.

b) Unha nova declaración de axudas e subvencións solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas, organismos ou entidades públicas ou privadas.

c) Certificación expedida pola entidade bancaria en que sinale o número completo da conta que posúa o beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

2. Para xustificar a creación de páxina web en galego (modalidade B).

a) Indicar expresamente a URL da páxina web creada, que deberá residir nun dominio propio cun primeiro nivel que debe ser «.es» ou «.org».

b) Unha nova declaración de axudas e subvencións solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas, organismos ou entidades públicas ou privadas.

c) Certificación expedida pola entidade bancaria en que sinale o número completo da conta que posúa o beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

A entidade beneficiaria por axuda para crear páxina web en galego deberá incluír na propia páxina a referencia seguinte: «esta páxina web en galego tivo unha axuda outorgada pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia» (coa súa imaxe corporativa).

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, con carácter previo ao pagamento, verificará que o contido da páxina web en galego sexa adecuado para a difusión e divulgación das actividades que realiza a entidade beneficiaria da axuda.

Artigo 14º.-Obrigas do beneficiario.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual poderá realizar as oportunas comprobacións para o mellor coñecemento da efectiva realización do proxecto obxecto de axuda.

De igual maneira o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Para o caso de axudas ou subvencións outorgadas co mesmo obxecto, o importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o 100% do custo total da actividade subvencionada que deberá desenvolver o beneficiario.

Artigo 15º.-Actos de desenvolvemento desta convocatoria.

Facúltase o director xeral de Comunicación Audiovisual para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Artigo 16º.-Réxime xurídico aplicable.

No demais, esta resolución estará sometida a lexislación básica do Estado na materia contida na Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e demais normativa de desenvolvemento.

Artigo 17º.-Recursos contra esta resolución de convocatoria.

Poderase interpoñer potestivamente recurso de reposición ante o secretario xeral de Comunicación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados de igual modo.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2007.

Juan Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR861A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		NÚMERO DE MEMBROS DA ENTIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
CODIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO
		FAX
		CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS DE ENTIDADE SOLICITANTE

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (MODALIDADE A)

EXPÓN: Que, considerando reunir os requisitos exixidos e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, solicita unha subvención para adquisición de equipamento audiovisual e multimedia, sinalando:	
FINALIDADE DO PROXECTO	
CONTÍA DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA O/A SOLICITANTE (MODALIDADE A)

- ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN, ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE E CIF.
- PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- MEMORIA DETALLADA E ORZAMENTO DESAGREGADO DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR.
- PLAN DE ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER CO EQUIPAMENTO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA.
- DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.
- ORZAMENTO DO EXERCICIO CORRENTE E BALANCE DA SITUACIÓN DA ENTIDADE, SEN INCLUIR AS PARTIDAS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIÓNS TRAMITADAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 28 de febreiro de 2007, da Secretaría xeral de Comunicación, de 2007 da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan axudas a entidades sen ánimo de lucro para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, para o ano 2007.

SINATURA DO/A SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE

En

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAIDA



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA CREAR MEDIOS DE INFORMACION ELECTRONICA	CODIGO DO PROCEDEMENTO PR861B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
ENDEREZO (RUA, NUMERO E ANDAR)			
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO

E na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		CONCELLO
CODIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELEFONO
		FAX
		CORREO ELECTRONICO

DATOS BANCARIOS

CODIGO DO BANCO	CODIGO DA SUCURSAL	DIXITOS DE CONTROL	CODIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RUA E NUMERO)	
PROVINCIA	POBOACION	CODIGO POSTAL	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (MODALIDADE B)

EXPONE:

Que, considerando reunir os requisitos esixidos e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención para as actuacións de creación de páxina web en galego, sinalando:

URL DA PÁXINA WEB CON DOMINIO PRIMARIO "ES" OU "ORG"

CONTÍA SOLICITADA (MAX. 400€)

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA O/A SOLICITANTE (MODALIDADE B)

- ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN, ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE E CIF.
- PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- ACORDO SOCIAL DA ENTIDADE DE CREACIÓN DA PÁXINA WEB EN GALEGO.
- PLAN DE ACTIVIDADES DA ENTIDADE.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TITULARIDADE DA PÁXINA WEB DA ENTIDADE SOLICITANTE E TAMÉN DOS CONTIDOS DA PÁXINA WEB.
- DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE**: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACION APLICABLE
Resolución do 28 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan axudas a entidades sen ánimo de lucro para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica para o ano 2007.

SINATURA DO/A SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE

En

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NUMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA	____/____/____
DATA DE EFECTOS	____/____/____
DATA DE SAÍDA	____/____/____

ANEXO III

A entidade , con CIF nº , representada por (presidente ou secretario) , respecto da Resolución de subvencións para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, convocada por Resolución do _____ de 2007 (DOG nº _____, do _____ de 2007), recibiu a notificación da resolución do secretario xeral de Comunicación, adjudicando:

- Para a modalidade A, un importe de , para a adquisición de equipamento.
- Para la modalidade B, un importe de , para a creación de páxina web en galego.

Por iso, mediante este escrito, cumpro co trámite previsto no artigo 13 da referida convocatoria ante o secretario xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, manifesto expresamente a **ACEPTACIÓN** da/s devandita/s subvención/s, comprometéndome a executar o/os proxecto/s subvencionado/s no prazo e condicións establecidas.

En _____,

(Sinatura)

Resolución do 1 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2007, subvencións aos concellos para dotación de equipamento para prestación do servizo de radiodifusión (FM), de carácter municipal e para adquisición de equipamento audiovisual e multimedia.

A Secretaría Xeral de Comunicación, co obxecto de que os concellos adquiren equipamentos para efectuaren radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia (FM), de carácter municipal, que lles facilite aos cidadáns uns medios de comunicación que amplíen o marco da pluralidade informativa, vén establecendo con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia unha liña de subvencións con esa finalidade.

Por outra banda, a necesidade de que os concellos poidan aproveitar ao máximo as potencialidades que presenta a incorporación de medios técnicos no eido da comunicación e a información aconsella que se vaian dotando dos instrumentos necesarios para unha maior eficacia no desenvolvemento das súas actividades, neste eido, establecéndose, neste senso, unha liña de subvencións para a adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outros de natureza análoga.

Polo exposto, e no uso das facultades que me atribúe a disposición adicional segunda c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Para o ano 2007 convócanse dúas liñas de subvencións, para estudos e dotación de equipamento para prestación do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, de carácter municipal, (modalidade A) e para adquisición do equipamento audiovisual e multimedia (modalidade B) que permita incorporar nos concellos as vantaxes e potencialidades das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Os obxectivos destas subvencións son, por unha banda, incentivar a iniciativa local para a dotación de estudos e equipamento de sistemas de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia e, por outra, estimular a adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outro de natureza análoga que permita achegar os contidos e servizos de interese social e formativo de carácter local aos cidadáns.

Para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 160.000 euros, que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 04.31.461A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, atribuíndose inicialmente o dito crédito por metade, para cada modalidade convocada, sen prexuízo